



CURSO 2015 - 2016

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRICULACIÓN DO ALUMNADO

Cada alumna e cada alumno ten dereito a unha praza escolar gratuíta durante o **ensino obrigatorio** e no **segundo ciclo da educación infantil** (3-6 anos). Os pais e nais teñen o dereito de elixir centro docente entre a oferta de centros sostidos con fondos públicos.

Para solicitar a admisión nun centro educativo existe un modelo oficial que se facilita gratuitamente en todos os centros. O prazo de solicitude de admisión irá do **1 ao 31 de marzo** de cada ano.

Cando existan máis solicitudes ca prazas dispoñibles, os criterios prioritarios de admisión serán:

- Irmáns matriculados no centro
- Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo do pai ou da nai
- Nivel de renda familiar
- Discapacidade da alumna ou do alumno, da súa nai, do seu pai, da persoa titora legal, dalgunha irmá ou dalgún irmán
- Condición de familia numerosa
- Expediente académico (só no bacharelato)

A aquelas alumnas e a aqueles alumnos que non teña praza no centro solicitado en primeiro lugar, a comisión de escolarización asignaralles praza noutro centro educativo.

Unha vez admitido ou admitida nun centro educativo non é necesario realizar nova solicitude cada novo curso.

Os prazos para formalizar a matrícula serán:

- Do **20 ao 30 de xuño** en educación infantil e primaria
- Do **25 de xuño ao 10 de xullo** en educación secundaria obrigatoria e bacharelato
- Pazo extraordinario: do **1 ao 10 de setembro** para alumnado de educación secundaria e bacharelato

Esta é a norma xeral, referida ao proceso habitual de admisión e matriculación.

Cando unha alumna ou un alumno se incorpora tardiamente ao sistema educativo, por proceder doutro país ou por calquera outro motivo, ten o dereito a unha praza escolar gratuíta e a súa familia ten o deber de escolarizalo no prazo máis breve posible. Para facer efectivo este dereito deberán establecer contacto co centro situado máis preto do seu lugar de residencia.

Mais información en:

 <http://www.edu.xunta.es/web/node/8858>